

Alonso Montero, Xesús e Salgado, Xosé M. (ed.).
Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso

Ramón Nicolás Rodríguez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NICOLÁS RODRÍGUEZ, RAMÓN (2011 [1995]). “Alonso Montero, Xesús e Salgado, Xosé M. (ed). *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1994, 204-207. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1492>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

NICOLÁS RODRÍGUEZ, RAMÓN (1995). “Alonso Montero, Xesús e Salgado, Xosé M. (ed). *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1994, 204-207.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Alonso Montero, Xesús e Salgado, Xosé M. (ed.)
Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso
Vigo: Galaxia

Ramón Nicolás Rodríguez

Mercé ó labor de divulgación e espallamento da cuestión “alofónica” en lingua galega que viña desenvolvendo teimudamente desde hai anos o profesor Xesús Alonso Montero sabiamos da existencia dos coñecidos poemarios de García Lorca, Pérez Creus, Anne Marie Morris e duns poucos autores máis que realizaron parte da súa obra poética desde a súa “alofonía” en lingua galega. Con todo, desde hai pouco tempo, a “alofonía” no noso idioma transformouse nun obxectivo principal na investigación do profesor vigués do que xa temos abondosos e celmosos froitos. Así pois, ademais dalgún curso de doutoramento centrado na devandita cuestión hai aproximadamente dous anos, producto do interese que a figura de Carles Riba e a súa obra galega suscitou en Alonso Montero, chegounos en 1993 un definitivo volume titulado *Carles Riba e Galicia* (Vigo: Galaxia) que deixa, ó noso ver, case totalmente pechada esta interesante e clave cuestión ó abordar a obra galega de Riba desde múltiples puntos de vista. A este volume engadíron-selle, este ano de 1994, dúas publicacións complementarias. A primeira, da que non nos ocuparemos aquí co vagar que precisaría, ofreceuse nunha edición patrocinada polo Parlamento de Galicia, de moi restrinxida distribución, baixo o título de *Oito poemas en lingua galega* do poeta arxentino Eduardo Jorge Bosco (1913-1943), volume co que se agasallou ó Presidente da República Arxentina, Carlos Saúl Ménem, na súa visita a Galicia. Trátase dunha afortunada edición pois complementa curiosamente o libro que aquí comentaremos a continuación xa que, por imponderables, non houbo no Congreso de Poetas Alófonos ningún relatorio que se achegase interpretativamente á obra galega deste escritor alófono e recupera un autor que desenvolvera a súa creación poética no eido das letras arxentinas conformando o que se deu en chamar “Xeración do Corenta”. Con todo, o seu achega-

mento á poesía galega produciuse a través do trato mutuo, na Facultade de Letras bonaerense, con Josefa Emilia Sabor, oriunda de Vilanova de Arousa e última responsable da súa produción lírica en lingua galega. Falecido a unha idade moi temperá e de maneira desgraciada, a súa desaparición truncou unha prometedora carreira literaria da que quedaron os devanditos oito poemas que aquí se recollen, a carón dos que Alonso Montero ofrece unha ampla biografía e unha atinada interpretación da súa produción galega, nunha achega case definitiva para entender as circunstancias da produción lírica deste poeta arxentino devoto de Rosalía de Castro, dos poemas galegos de Lorca e tan influído pola forma medieval galego-portuguesa como os seus poemas parecen indicar e o seu editor suxire.

Por outro lado, o mercado editorial galego viuse felizmente sorprendido coa edición dos *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*. E subliño “felizmente” pois non é frecuente que a penas coa distancia dun ano desde que calquera congreso se desenvolvea poida circular nas librerías a publicación correspondente que informa dos contidos tratados. Quizais esta rapidez sexa a causa, ó noso xuízo, da única eiva que se lle puidera imputar ó volume, tal é a inxente cantidade de grallas de prensa ou incorreccións gramaticais, léxicas e doutra orde que inzan a transcrición destes relatorios, eiva que ben doadamente se puido subsanar cun tratamento da corrección xeral. Dito isto, que non empece nin diminúe a dimensión enriquecedora desta orixinal entrega, cómpre xa introducirmos polos distintos contidos que o libro nos ofrece nesta edición de Xesús Alonso Montero e mais de Xosé M. Salgado, director e secretario do Congreso respectivamente, responsables tamén do catálogo inicial do Congreso, da completa exposición bibliográfica, e mais dun vídeo realizado por Ophiusa para a Xunta de Galicia.

A organización interna deste volume supera os límites clásicos ou canónicos do que se entende por un libro de actas, pois alén da presentación a cargo dos devanditos profesores —da que simplemente salientariamos a intuición, que sen dúbida se fará unha realidade de aquí a uns anos, respecto de que o presente poida ser un útil punto de partida para ulteriores asedios ou achegamentos—, da introducción oficial de Regueiro Tenreiro e da reprodución do programa de actividades —agora actualizada—, inclúense, como é de esperar, os traballos que se leron do 14 ó 17 de abril de 1993 ó longo do Congreso —aínda que non na súa totalidade pois por unha ou outra causa non se reproducen as palabras de Anne Marie Morris, de Anísia Miranda e doutros congresistas—, mais os poemas lidos fóra da Universidade en homenaxe a García Lorca e a Rosalía de Castro e mais outras noticias sobre o Congreso como no seu momento repararemos. Organización, pois, que converte o presente libro nunha interesante colectánea coa alofonía como motivo de fondo.

Desta maneira, no primeiro dos seus seis bloques, aproximámonos ós relatorios incluídos na sección “Alofonías interiores e outras alofonías” debidos ás mans de Juan José Moralejo que se achegou, nun documentado ensaio, á alofonía na creación poética en lingua grega antiga. A continuación é a profesora Mercedes Brea quen ofrece un cumprido e moi pertinente estudo sobre o galego-portugués e provenzal, como alofonías, na Idade Media, internándonos así polos exemplos que nos deixan diversos poetas medievais, analizando a súa orixinalidade no trobar e a renovación que supoñen as contribucións de Raimbaut de Vaqueiras e o seu ineludible *descort* plurilingüe, de Bonifaci Calvo —con senllas cantigas de amor mais un texto plurilingüe— ou a “Cobla a VI lengatges” de Cerverí de Girona. É despois Andrés Pociña quen insire “Algunhas notas sobre poetas galegos

que escribiron en latín”, onde, logo de rastrexar a obra dos escritores galegos que poetizaron en latín do século XVI ó XX, case todos dominados por un forte academicismo, debrúzase criticamente en col da obra de Pedro Vázquez Neira, Juan Gómez Tonel, Diego Antonio Cernadas de Castro, Hermenegildo Amoedo Carballo, Xosé García Mosquera ou, máis recentemente no tempo, Francisco Fanego Losada, Otero Pedrayo e Avelino Gómez Ledo, nun completo e documentado traballo. Por último, cómpre citarmos o relatorio exposto en clave biográfica de Serxio Álvarez titulado “Eu, poeta en latín” onde o asinante se autodefine como “versificador ocasional, non sen certo enxeño epigramático”.

O apartado seguinte, “Fronteiras da alofonía, máis alá da alofonía”, inclúe senllas colaboracións de escritoras que desde unha inicial “alofonía” pasaron a se integrar por dereito propio na normalidade literaria ó se expresar literariamente nunha lingua na que xa se instalaron e alentan arreo, polo que dubidan da propia filiación “alofónica” que se lles atribúe. Son, así, dous fermosos e sentidos relatorios: “Do alemán ó galego” de Úrsula Heinze, que inclúe un interesante relato —“Nin aquí, nin acolá”— de moito interese pola dimensión autobiográfica que pode encerrar, e mais “¿Escritora alófona eu?” de María Victoria Moreno, no que lembra o descubrimento de Galicia, a súa instalación nela e o seu traballo a prol da lingua, constante e frutuoso.

“Hoxe: eu poeta en galego” e mais “Sobre poetas alófonos destes tempos” acollen, ó noso xuízo, as contribucións que máis luz botan sobre os escritores e escritoras alófonos, e seica se constitúen como os apartados dun interese maior para o descubrimento de personalidades e actividades literarias pouco difundidas. Velaí, na primeira sección e case sempre nun sincero e saudoso ton confesional, a palabra do arousán José Luís Giménez Lago ou a presenza da poetisa alacantina Matilde Lloria que explicita as súas relacións con Risco ou Otero... eis a actualidade de Juan Pérez Creus co seu histórico *As cancións d'ise amor que se diz olvido* e o máis recente *As derradeiras pombas do serán*; aí quedan os recordos e vivencias de Gregorio San Juan, coñecedor da nosa realidade desde a emigración dos galegos en Euskadi como xa nos comentara desde a revista *Dorna*: aí o descubrimento da madrileña Marifé Santiago Bolaños, quen xa deixara en *Poesía dos aléns* mostras da súa poesía, que reflexiona sobre o exercicio da escritura: aí, mesmo, a simpatía do romanista e holandés N. B. Teensma. Por outro lado, os que xa non están lembráronse na segunda sección antedita con cumpridos e excelentes ensaios sobre Manuel José Arce y Valladares, Godofredo Filho e Manuela Couto Viana a través dos informes de Marivel Freire, Jerusa Pires Ferreira e M. F. Rodríguez Prado respectivamente, quen descubren para os interesados as dimensións biográficas e literarias destes escritores, convertendo as súas aportacións en ineludibles referencias críticas desde agora para calquera análise posterior que se proxecte encetar.

A figura de Carles Riba non se podía esquecer neste ámbito, de xeito que a quinta sección ofrece senllas investigacións debidas a X. M^a Carballeira Anllo, que desmiúza as características do galego utilizado polo escritor catalán —xa anunciadas brevemente no volume sobre Carles Riba ó que nos referimos ó comezo da presente recensión—; e mais a Antón Santamarina, quen analiza o prólogo de Carles Riba á 2^a edición do *Diccionari Fabra*, que el mesmo traducira no devandito libro.

Para finalizar “Dúas cororas poéticas” dedicadas respectivamente a Federico García Lorca e mais a Rosalía de Castro, convértense na testemuña da actividade alofónica e creadora que suscitou o encontro nos poetas, acollendo poemas de diversa factura e fondura debidos ás plumas de Giménez Lago, Matilde Lloria, Pérez

Creus, Gregorio San Juan, Serxio Álvarez e B. N. Teensma, coa inclusión de poetas “autófonos” como Pura Vázquez, Villar Janeiro, Víctor Campio ou Rábade Paredes.

Por último, cómpre salientar a inclusión de tres apéndices que recollen desde o discurso lido polo profesor Anxo Tarrío na Casa-Museo de Rosalía en Padrón, no que reflexiona sobre os diferentes significados e dimensións que acada a presenza de Rosalía e a súa obra na nosa literatura e no mundo; pasando polos ecos do Congreso na prensa escrita, reproducindo senllas reflexións do seu director, amais de diversas colaboracións de Antonio Rodríguez López, Agustín Sixto, Concha Pino, Santiago Romero e X. M. Pereiro ou Vicente Araguas —todas de especial utilidade para repararmos nos distintos actos e reflexións que suscitou o evento—; ata recoller outros artigos sobre aspectos da temática do Congreso da man de Alonso Montero, Díaz Pardo, Filgueira Valverde e Gregorio San Juan, que poñen o ramo a este volume que enriquece significativamente outra dimensión pouco difundida da nosa literatura como era a alofonía, desde agora xa máis próxima e familiar.